

Pesca Saúde é un proxecto de cooperación promovido polos **Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP)** financiado pola Consellería do Mar. Os GALP participantes son: Costa Sostible, Ría de Vigo-A Guarda, Ría de Pontevedra, Ría de Arousa, Costa da Morte, Golfo Ártabro Sur e A Mariña Ortegal.

O proxecto **Pesca Saúde** pon o foco na alimentación equilibrada a través do consumo de produtos pesqueiros e nos seus beneficios para a saúde e benestar da poboación. A prevención e o coidado da saúde supón incorporar hábitos alimenticios e estilos de vida saudables.

Pesca Saúde conta tamén co apoio da Dirección Xeral de Saúde Pública (Subdirección Xeral de Estilos de Vida Saudables) da Consellería de Sanidade.



Come o mar, come saúde

Se tes un establecemento de restauración, os **Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro** convidante a participar no proxecto **Pesca Saúde**, recibindo apoio e **asesoramento para a creación dun menú saudable** con produtos do mar.

Máis información en pescasaude.gal

Pesca Saúde



O noso mar
faiche ben

Km0



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Pesca Saúde nos establecementos de restauración



Como funciona

- ▶ Coa colaboración dun **equipo de nutricionistas**, elaboramos un menú personalizado e adaptado ao teu establecemento en función dos produtos de tempada.
- ▶ Deseñamos un **menú saudable para o teu restaurante** coa identificación de propiedades nutricionais.
- ▶ Elaboramos material promocional do teu **menú coa marca Pesca Saúde**.
- ▶ Incorporamos o teu establecemento ao **listado de restaurantes Pesca Saúde** e divulgámolo a través das redes dos GALP como local colaborador.



Prazos

- ▶ Adhesión: **ata o 30 de xuño**.
- ▶ Actividades de deseño e adaptación do menú: **xullo a setembro de 2026**.
- ▶ Campaña menú saudable: **do 1 ao 31 de outubro**

Contacto

pescasaude@gmail.com
636 238 043



Formulario de adhesión

 Tamén podes cubri-lo online en igal/pescasaude

Datos do establecemento

Nome
Enderezo
Localidade

Datos da persoa responsable do establecemento

Nome e apelidos	
Teléfono	Correo-e

Data, Lugar e Sinatura da persoa responsable:

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, manifestan a súa conformidade a que os datos de carácter persoal facilitados neste formulario sexan tratados polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro e coordinado polo GALP Costa Sostible (CIF-G70196225), Edif. Multiusos-Rúa Espírito Santo, 415200 Noia, A Coruña. Correo-e: galp.mar.costasostible@xunta.gal, coa finalidade de xestionar e organizar a Campaña na que solicita participar.

Así mesmo, a utilización do contido gravado e da súa imaxe faise ao amparo do disposto na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe. A autorización que aquí se concede sobre este material aos GALP, terá un uso vinculado ao Proxecto Pesca Saúde e, a mesma, non está sometida a ningún prazo temporal nin está restrinxida ao ámbito nacional de ningún país.

Lexitimación: Consentimento da persoa interesada.

Dereitos: A persoa interesada pode, en todo momento, exercer o seu dereito para revogar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos, así como solicitar o acceso, rectificación ou supresión, limitación ou a súa portabilidade, remitindo unha comunicación por escrito ao GALP Costa Sostible. Así mesmo, a persoa interesada tamén poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), C/ Jorge Juan, 6. 28001 - Madrid, se non obtén satisfacción no exercicio dos devanditos dereitos.